

# Antología poética

Luciano Rodríguez

Xavier R. Baixeras (Tarragona, 1945)

**Obra poética:** *La ciudad sumergida*, 1971. *Fentos no mar*, 1981. *Lembranza do areal*, 1985. *Anos de viaxe (1981-1987)*, 1987. *Visitantes*, 1991. *Nadador*, 1995. *Beira Norte*, 1997.

## SEGUIR EN TI

Dáme alento para seguir, dáme o teu feno, o teu argazo, a túa desolada fronte mordida por lamas interiores con que te desprendes e caes contra o mar, na ledicia de quen che quere toda urbana e sen figura, de quen se achega aos cons e bate palmas para espantar as aves:

que as túas silveiras lle entren na casa e lle esganen as flores postizas, que os sapos poboen o seu maxín de frautas enlamadas, que os teus abesouros non lle deixen durmir, e que, despois, toda a galipota do mar se apegue, insolúbel, aos pés dos visitantes.

Pois eu debo seguir, vento enchoupado en bágoas de nubes furtivas, sombra xemente a petar nas portas, brétema dos teus bronquios entupidos, ventá que abre por demanda de alguén que expira, fornos abandonados esperando, cúpula dos pozos mariños, serventío de matogueira,

¿a que xente, a que familia lle serás entregada *pro indiviso*, quen puxo codicilos nas túas últimas vontades, a quen lle legas o teu lombo para a primeira decrúa de pervertido esquecemento, en nome de que reino, ou de que amaño, mudas comigo de era e, declinando, nos afundimos nas brañas como entón, pero agora de todo, nos perdemos extintos, antes de que nos sangren?

Pero ti dáme alento para seguir.

(De *Beira Norte*)

Xosé María Álvarez Cáceamo (Vigo, 1950)

**Obra poética:** *Laberinto el clavicordio*, 1977. *Praia das furnas*, 1983. *Arquitecturas de cinza*, 1985. *Os documentos da sombra*, 1986. *Luminoso lugar de abatimento*, 1987. *Cimo das idades tristes*, 1988. *Fragmentos de mar*, 1989. *Prego de cargos*, 1991. *O lume branco*, 1991. *De mañá qué medo*, 1993. *Colección de espellos*, 1994. *A Escrita das Aves de Marzo*, 1997. *Calendario perpetuo*, 1997. *Os cadernos da ira*, 1999. *Vocabulario das orixes*, 2000.

Na alta noite ferida que é símbolo da tua  
escura casa aberta, recobro aquel costume  
do teu insónio claro, esas horas sen número  
idénticas a ti. Vexo chegar auroras  
co teu rosto de luas agredidas de fósforo  
no leito entre cupresos. Vexo voltar a voz  
con que enchias o soño de poemas e cábalas.  
Estou contigo insone, sentindo como o tempo  
leva as cores unívocas dunha chaira de prata  
e dun mar sen peiraos. Alta noite deserta  
por onde pervagavas e compuñas proxectos.  
Un era eu, o fillo, escrito con palabras  
do teu soneto insone. Hoxe ti para sempre  
desperto en noite branca eres o meu proxecto:  
un pai que nunca durme.

(De *Luminoso lugar de abatimento*)

Cesáreo Sánchez Iglesias (Dadin-Irío, Ourense, 1951)

**Obra poética:** *Silencios e conversas de inverno*, 1978. *Antonte das salamántigas*, 1980. *O cántico da fonte*, 1982. *Ortigas da memoria*, 1985. *Mar do fin da terra*, 1987. *A árbore das sete palabras*, 1989. *Do olvido o río*, 1993. *O rostro da terra*, 1996. *A escrita do silencio (Antoloxía persoal)*, 1997. *Evadne*, 1998.

ESCOITO o silencio  
da escrita  
lentamente a tomar a forma  
da escrita  
que manca a tua fina pel.

Unha garza  
anoitece nesta páxina en branco  
cun silencio antiquísimo.

O dia baña-se nas luces do dia  
o vento anda polas follas  
de azul  
pronúncia breves luminosas vogais  
que eu traslado aos espellos  
deste branco vacío.

A lua acende,  
apenas a súa redonda claridade beixa  
o carmin do mar.  
Esta noite de abril  
adormece nun ramo de violetas.

Aínda vives neste cuarto  
aínda te sinto húmida de min  
en tránsito a ti  
arrolado brandamente cun rumor de ti  
sen te poder esquecer  
sen te poder esquecer.

Esta noite de Abril non existe  
é contigo.  
Só no silencio da escrita do teu corpo  
o teu corpo existe.

(De *Evadne*)